

XUNTA DIRECTIVA

1. PRESIDENCIA:

- **Nome:** Laura Quintas Lorenzo
- **Funcións:**
 - Representar oficialmente á Federación.
 - Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Permanente.
 - Nomear a calquera persoa como Asesor, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.
 - Permitir ou non, a presenza de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias
 - Ordenar os pagos con cargo aos fondos da Confederación. Leva a sinatura social conxuntamente co Secretario ou o Tesoureiro
 - A retirada dos fondos da Federación depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do Secretario ou do Tesoureiro.
 - Autorizar coa súa sinatura as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
 - Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
 - Subscribir contratos en nome da Federación, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións ante os órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese ós fins da Federación.
 - Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios da Federación, xuntamente co Secretario.
 - Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.
- **Resumo traxectoria profesional:**
 - Estudou económicas. Traballou na Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO) dende o 2009 ata o 2013 como coordinadora de proxectos. Dende o 2013 traballa en Combina Social, S.L., como Técnica de Proxectos. Forma parte da Xunta Directiva de COGAMI dende o ano 2011. É membro da Xunta Directiva da Federación de Ourense DISCAFIS-COGAMI dende o ano 2005 e Presidenta da mesma dende o ano 2012, tamén é membro da Xunta Directiva de AGADHEMO dende o 2004 como Vocal, posteriormente como Tesoureira e actualmente como Vicepresidenta. Tamén forma parte da Xunta Directiva da Asociación de Mulleres con Discapacidade (ACADAR) dende o 2009.



2. VICEPRESIDENCIA :

- **Nome:** M^a Concepción Alvarez Ferro
- **Funcións:**
 - O vicepresidente substituirá temporalmente ao presidente nos casos de ausencia ou enfermidade.
 - Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións do Presidente que este lle delegue expresamente.
 - No caso de substitución definitiva, esta será aos efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.
- **Resumo traxectoria profesional:**

Diplomada en traballo social
Foi presidenta de Alcer Ourense (2003-2011)
Exerceu como traballadora social nas asociacións Alcer Ourense e Accu Ourense
Forma parte da xunta directiva de Discafis-Cogami dende 2012

4. SECRETARÍA:

- **Nome:** Mónica Limia Andrade
- **Funcións:**
 - Custodiar os libros, documentos e selo da Federación, excepto os libros de contabilidade.
 - Levar o libro de rexistro de Socios.
 - Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
 - Librar certificacións con referencia aos Libros e documentos da Federación co visto e praxe do Presidente.
 - Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura da Presidencia.
 - Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, enviando as Actas e a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
 - Responsabilizarse, xunto coa Presidencia, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios da Federación .
 - A organización dos servizos técnicos da Confederación.
 - Impulso e control do funcionamento da Federación
 - A representación xurídica ante todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial. As facultades máis amplias que en Dereito procedan para o exercicio de calquera tipo de acción, excepción o pretensión en calquera forma, en toda clase de procedementos

administrativos, xudiciais o extraxudiciais ante todo tipo de persoas, entidades, organismos públicos ou privados e calquera clase de Xulgados, Tribunais o árbitros; y, expresamente, para a iniciación, seguimento ou terminación dos procedementos antes indicados, así como, especialmente, para desistir, renunciar, allanarse, transixir, someter a arbitraje e facer todo tipo de manifestacións que podan comportar sobresemento do proceso por satisfacción extraprocesal. A tales efectos poderá nomear e apoderar os avogados e procuradores que teña por conveniente. Da utilización destas facultades dará conta a Xunta Directiva na primeira reunión que teñan lugar.

- Responsabilizarse de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, da Federación.

- **Resumo traxectoria profesional:**

Licenciada en Psicoloxía e Master en Orientación Laboral
Traballa en Cogami dende 1999 sendo a Coordinadora do SIL Ourense
Membro da xunta directiva de Discafis-Cogami dende 2012

5. TESOURERÍA

- **Nome:** Manuel Novoa Pérez

- **Funcións:**

- Custodiar levar os libros de Contabilidade.
- Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da Confederación.
- Custodiar os fondos da Confederación, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da Confederación. Para dispor dos fondos da Confederación, necesitará da sinatura da Presidencia.
- Farase cargo das cantidades que se ingresen na Confederación, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
- Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura da Presidencia.
- Elaborar os presupostos anuais e as previsións de futuro.
- Cobrará as cotas dos socios.
- Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.
- Poderá delegar as súas funcións na Vicetesourería.



- **Resumo traxectoria profesional:**

Licenciado en Ciencias Empresariais, especialidade de informática.
É membro da xunta directiva de Cogami dende 2012.
Anteriormente estivo na xunta directiva de Cogami dende 1992 ata 2005

6. VOGAIS

- **Funcións:**
 - Participación nas reunións de Xunta Directivas.
 - Participación nas votacións de toma de decisión que teñan lugar na Xunta Directiva.

6.1. VOGAL 1

- **Nome:** Fernando José Jiménez Zulliani
- **Resumo traxectoria profesional:**

Fundador y Presidente de Accu Ourense dende 2005
Membro da Xunta Directiva de Discafis_Cogami dende 2006



6.2. VOGAL 2

- **Nome:** Lorena Rodríguez Dobarro
- **Resumo traxectoria profesional:**

Forma parte da xunta directiva da Xunta Directiva de Discafis-Cogami dende 2020.

6.5. VOGAL 3

- **Nome:** Lorena Quintas Rejo
- **Resumo traxectoria profesional:**

Forma parte da Xunta Directiva de ACADAR
Forma parte da Xunta Directiva de Discafis-Cogami dende o ano 2020.

6.6. VOGAL 4

- **Nome:** Constantino Guzmán Rodríguez
- **Resumo traxectoria profesional:**
 - Exvicepresidente da Asociación Española de Esclerosis Múltiple (AEDEM)
 - Expresidente da Federación de Asociaciones de Personas con Discapacidade de Ourense (Discafis-Cogami)
 - Exmembro da xunta directiva de Cogami
 - Presidente fundador da Federación Gallega de Esclerosis Múltiple (FEGADEM). Actualmente ocupa o posto de tesoureiro
 - Presidente da Asociación Orensana de Esclerosis Múltiple, ELA, Parkinson y otras enfermedades Neurodegenerativas (AODEM)



FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON
DISCAPACIDADE DE OURENSE
Rúa Recaredo Paz nº1 baixo 32005 Ourense
Tfn/fax:988248769
e-mail: discafis@cogami.es

6.7. VOGAL 5

- Nome: Mercedes Fernández Fernández
- Resumo traxectoria profesional:

Presidenta da Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca da Limia (ALGARIA)

Forma parte da xunta directiva de Discafis-Cogami dende 2020